

BANDO

D. MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, Alcalde-Presidente do Concello de OROSO

FAGO SABER: Que se abre o prazo de presentación de solicitudes da **PRESTACIÓN FAMILIAR POR FILLO MENOR DE TRES ANOS**

CONTIDO:

Consiste na concesión de axudas de carácter económico para paliar os gastos orixinados polo nacemento e crianza dun fillo/a.

BENEFICIARIOS/AS:

Persoas que teñan fillos ao seu cargo menores de 3 anos (nados entre o 02-01-2007 e o 01-01-2010) e que non tivesen a obriga de presentar a declaración da renda por causa económica no exercicio 2008 (22.000 euros sumadas a parte xeral e a especial da declaración do IRPF).

DOCUMENTACIÓN:

- 1.- Fotocopia do libro de familia.
- 2.- Certificado de empadramento de convivencia de toda a unidade familiar.
- 3.- Fotocopia da folla da cartilla de aforros na que figure o número de conta na que se desexe recibir o ingreso, e na cal deberá figurar como titular a persoa que asina a solicitude.
- 4.- Unha declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas por este mesmo concepto por calquera Administración pública, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. (segundo o anexo II).

No caso das persoas beneficiarias en anos anteriores, poden obter a solicitude, debidamente cuberta (sempre que non variasen as circunstancias), no enderezo: <http://www.xunta.es/aplicacions/pfc>.

LUGAR DE INFORMACIÓN E PRAZO:

**Departamento de Servizos Sociais Comunitarios: Rúa do Deporte nº 9, baixo (981 688 950)
Atención con cita previa**

Ata o 18 de xuño de 2010

Oroso, 9 de maio de 2010